

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS, EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER TURÍSTICO DURANTE O ANO 2022

A Deputación de Pontevedra, de acordo co disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, sendo a prestación de servizos de asistencia, fomento e promoción do turismo unha cuestión prioritaria.

O turismo é unha das actividades con maior potencial de creación de emprego e de crecemento económico da Unión Europea, ata o punto de que o Tratado de Lisboa contempla expresamente a importancia do sector turístico e contén disposicións específicas co obxectivo de promover a competitividade entre as empresas do sector para converter á UE no primeiro destino turístico mundial.

A Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia fai referencia a que a dimensión social do turismo non se basea unicamente na súa capacidade para xerar emprego, senón tamén á posibilidade que ten de xerar e distribuír mellor a riqueza, aproveitando as sinerxias que se producen a través das iniciativas entre os distintos axentes públicos e privados.

A citada Lei salienta a importancia de acadar e manter un sector turístico competitivo, de calidade e accesible, así como a transcendencia da implantación de medidas de promoción e fomento mediante a posta en valor dos recursos singulares de Galicia como medio para desestacionalizar a demanda, prevendo que estas medidas poidan reforzarse mediante a concesión de subvencións e axudas para aqueles colectivos que aposten pola modernización e mellora das actividades turísticas de Galicia.

Con respecto ao ámbito competencial, toda vez que é un requisito esencial que a actividade subvencionada forme parte do ámbito competencial da entidade que a subvenciona, a Deputación de Pontevedra ten atribuída a competencia propia sobre a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, en virtude do establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da concesión de subvencións públicas destinadas a promover actividades de carácter turístico durante o ano 2022 coa finalidade de colaborar no fomento do turismo e na profesionalización do sector da provincia de Pontevedra, segundo os principios de concorrencia competitiva, obxectividade e publicidade.

2. ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS

A Deputación de Pontevedra concederá subvencións para a realización de actividades do fomento do turismo con repercusión turística provincial, durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022.

Poderán ser obxecto de subvención as actividades de fomento do turismo que teñan como fins, entre outros, os seguintes:

- Promoción e estímulo dun sector turístico competitivo, de calidade, accesible e sustentable



- Promoción dos seguintes recursos turísticos da provincia: a natureza, o medio ambiente e a paisaxe; as festas e tradicións populares; o patrimonio cultural e lingüístico; a gastronomía e a enogastronomía; a saúde, o benestar e o termalismo.

Quedan excluídas desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención, as seguintes actividades e investimentos:

- As actividades ou investimentos subvencionados, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación de Pontevedra.
- Os gastos de funcionamento das entidades, os gastos correntes, os gastos de persoal da propia entidade e as actividades xerais que se realicen ao longo de todo o ano.
- As viaxes de lecer e as excursións.
- Os gastos gastronómicos, agás cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para o seu desenvolvemento.
- As adquisicións de material inventariable, equipamentos ou calquera outro gasto que supoña un incremento para o patrimonio da persoa beneficiaria.
- Os gastos en investimentos de carácter inmaterial, susceptibles de producir os seus efectos en varios exercicios futuros, como a elaboración de vídeos utilizados en campañas de promoción turística.
- A elaboración e impresión de material de información turística (folletos, posters, carteis, etc.)
- As festas gastronómicas que consistan principalmente na degustación de produtos sen a súa posta en valor

3. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán solicitar estas subvencións as persoas xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Non ter a condición de Administración Pública.
- Carecer de fins de lucro.
- Ter o domicilio social na provincia de Pontevedra ou, excepcionalmente, fóra desta cando a actividade para a que se solicita a subvención teña interese para a provincia.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA).
- Non ter débedas coa Deputación de Pontevedra.
- Estar ao corrente do pagamento da Seguridade Social.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, de acordo co especificado no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Non ter pendente de xustificación subvencións anteriores pagadas anticipadamente pola Deputación de Pontevedra.



4. FINANCIAMENTO, GASTOS SUBVENCIONABLES E IMPORTE DA SUBVENCIÓN

Este programa de subvención financiarase co importe de 100.000,00 euros con cargo á aplicación 22/433.4320.489.01 do vixente orzamento da Deputación de Pontevedra.

O importe máximo da subvención para cada proxecto non poderá exceder do 70% do seu orzamento e non superará o importe de 5.500,00 euros por proxecto.

En ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, polo que, a subvención concederase sobre o orzamento da actividade, excluído o IVE, salvo que o beneficiario os abone efectivamente.

Terán a consideración de gastos subvencionables os realizados durante o ano 2022, incluso os realizados con anterioridade á concesión da subvención sempre que sexan necesarios para a execución da actividade subvencionada.

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos e importes establecidos no orzamento inicial, aceptándose desviacións máximas dun 20% no custe dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado.

En virtude do disposto no artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que o realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

5. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible no procedemento SIA 287980 – *Actividades de carácter turístico* da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de presentar a solicitude de forma presencial, requiriráselle para que a emende mediante a presentación electrónica, coa concesión dun prazo de 10 días hábiles ao respecto. En todo caso, se tal emenda se efectuase fora do prazo de presentación de solicitudes, limitarase á presentación electrónica do previamente presentado presencialmente, sen que sexa posible engadirse outros documentos ou rectificar os xa achegados. Isto sen prexuízo da emenda en xeral, que no seu caso, procederase de acordo coas presentes bases ou segundo o art. 68.1 da Lei 39/2015.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

Soamente se admitirá unha única solicitude de subvención por cada entidade solicitante.



6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

7. COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- NIF da entidade solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.
- Domicilio fiscal da entidade solicitante.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA).
- Certificado de estar ao corrente das obrigas de pago coa Seguridade Social.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

8. DOCUMENTACIÓN

Os solicitantes deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- Escritura de constitución da asociación ou entidade
- Memoria das actuacións a desenvolver segundo o modelo dispoñible na sede electrónica (Anexo I) e na que se farán constar, entre outros, a denominación da actividade e os datos necesarios para a valoración da actividade segundo os criterios establecidos na base 11ª.
- Certificado de acreditación do cargo e representación, segundo modelo dispoñible na sede electrónica (Anexo II), só no caso de non realizar a presentación de solicitude con certificado de representante de persoa xurídica.

A documentación complementaria presentarase por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

En caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.



Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou estes documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

9. TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA DAS SOLICITUDES

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán efectualos electronicamente a través do modelo “Instancia xenérica” dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

No caso de que a solicitude non reúna os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requiriráselle ao interesado que no prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non facelo, teráselle por desistido da súa petición, que se arquivará sen máis trámites.

10. NOTIFICACIÓNS

As notificacións de resolucións e outros actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da “Carpeta Cidadá” e de “Dirección Electrónica Habilitada Única”. Ambos sistemas son accesibles desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta da disposición da notificación sen que se acceda a esta.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

A notificación da resolución da concesión de subvencións realízase mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de acordo co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11. VALORACIÓN E CONCESIÓN

A concesión das subvencións realízase en réxime de concorrencia competitiva, tendo en conta para a adxudicación das subvencións os seguintes criterios:

1. Inscripción do solicitante no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia: 2 puntos.
2. Experiencia da entidade no desenvolvemento de actividades análogas: ata 5 puntos.



- De 0 a 5 anos: 1 punto
 - De 6 a 10 anos: 2 puntos
 - De 11 a 25 anos: 3 puntos
 - De 26 a 50 anos: 4 puntos
 - 51 anos ou máis: 5 puntos
3. Acreditación do cumprimento de sistemas de calidade: ata 5 puntos.
4. Duración da actividade: ata 3 puntos.
- 1 día: 1 punto
 - 2 días: 2 puntos
 - 3 días ou máis: 3 puntos
5. Aspectos relacionados co desenvolvemento turístico provincial (deberán figurar na memoria para que sexan valorados): ata 85 puntos.
- a) Actividades que fomenten un turismo accesible: Ata 5 puntos. Valoraranse as características das contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como en relación aos obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, de modo que os mesmos sexan comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas, en igualdade de condicións de seguridade e comodidade e da maneira máis autónoma e natural posible.
- A puntuación outorgarase en función dos seguintes aspectos:
- Calidade na explicación e detalle da memoria: 1 punto
 - Accesibilidade arquitectónica dos espazos nos que se celebre a actividade: 2 puntos
 - Accesibilidade na comunicación, referida á información que se utiliza para dar a coñecer a actividade: 1 punto
 - Celebración de actividades deseñadas especialmente para que podan participar persoas con limitacións de mobilidade, de comunicación ou de entendemento: 1 punto
- b) Actividades que fomenten un turismo sustentable: ata 15 puntos.
- A puntuación outorgarase en función dos seguintes aspectos:
- Calidade na explicación e detalle da memoria: 3 puntos
 - Actividades que respecten a tradición e a integridade sociocultural: 4 puntos
 - Actividades relacionadas coa protección dos recursos naturais e co respecto á diversidade biolóxica: 4 puntos.
 - Actividades que amosen unha eficiencia nos recursos: 4 puntos
- c) Actividades de impulso á profesionalización do sector: ata 15 puntos.



A puntuación outorgarase en función dos seguintes aspectos:

- Calidade da proposta: 4 puntos
- Innovación: 4 puntos
- Nivel de detalle da programación das actividades: 3 puntos
- Alcance (implicación da poboación local no proxecto): 4 puntos

- d) Actividades que gocen dalgún premio ou recoñecemento oficial: ata 10 puntos.
- e) Actividades relacionadas coa promoción do Camiño de Santiago e cos produtos turísticos existentes no entorno do Camiño tales como experiencias relacionadas co enoturismo, co termalismo, coa camelia e co patrimonio material e/ou inmaterial, entre outras: ata 15 puntos.

A puntuación outorgarase en función dos seguintes aspectos:

- Calidade da proposta: 3 puntos
- Innovación: 5 puntos
- Nivel de detalle da programación das actividades: 2 puntos
- Alcance (implicación da poboación local no proxecto): 5 puntos

- f) Actividades turísticas que contribúan á dinamización económica do pequeno comercio, do comercio tradicional e/ou do sector hostaleiro: ata 15 puntos. Valoraranse, entre outras, as actividades que incidan positivamente sobre a actividade económica do pequeno comercio, do comercio tradicional e/ou dos establecementos do sector hostaleiro co fin de dinamizar os sectores máis afectados polas restricións derivadas da crise sanitaria da COVID-19.

A puntuación outorgarase en función dos seguintes aspectos:

- Calidade da proposta: 4 puntos
- Innovación: 4 puntos
- Nivel de detalle da programación das actividades: 3 puntos
- Alcance (implicación da poboación local no proxecto): 4 puntos

- g) Impacto da actividade fóra da provincia de Pontevedra: ata 10 puntos. Valorarase, entre outros aspectos, que na actividade participen persoas de fóra da provincia de Pontevedra, así como que se obteña impacto en medios de comunicación de fóra da provincia de Pontevedra.

- Impacto de ámbito autonómico: ata 5 puntos
- Impacto de ámbito nacional: ata 8 puntos
- Impacto de ámbito internacional: ata 10 puntos

Non se subvencionarán as actividades que non alcancen unha puntuación mínima de 25 puntos.



12. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Turismo, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 21 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. As actividades de instrución comprenderán:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- b) Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme cos criterios de valoración.

Unha vez avaliadas as solicitudes, e previo informe de Intervención, a comisión de valoración emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O Servizo de Turismo, á vista do expediente e do informe da comisión de valoración, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que se notificará aos interesados, concedéndoselles un prazo de dez días para presentar alegacións. No caso de que non figuren no procedemento outros feitos que os aducidos polos interesados, prescindirase deste trámite de audiencia e a proposta de resolución terá o carácter de definitiva.

A comisión de valoración é un órgano colexiado composto polos seguintes membros:

Presidenta:	A deputada delegada en materia de Turismo
Vogais	Dous membros do equipo técnico do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra Un membro do equipo técnico da Intervención da Deputación de Pontevedra
Secretario/a	Actuará como secretario/a, sen voto, un membro do equipo técnico do Servizo de Turismo

A resolución do procedemento correspóndelle á Xunta de Goberno provincial e notificaráselle aos interesados de acordo co establecido nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo máximo para resolver e notificarlles ás persoas interesadas a resolución do procedemento é de seis meses a contar desde a publicación da presente convocatoria. Transcorrido este prazo sen notificarse a resolución aos interesados, entenderase desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución da concesión de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e producirá os efectos da notificación, de acordo co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A resolución pon fin á vía administrativa. Contra ela, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, a partires do día



seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben, directamente recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Todo elo sen prexuízo de que poidan interpor calquera outro recurso que estimen conveniente.

13. ACEPTACIÓN DAS SUBVENCÍONS

As subvencións concedidas entenderanse aceptadas se os beneficiarios non se opoñen ou a rexeitan expresamente no prazo de dez días hábiles contados dende a súa notificación.

14. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

De acordo co previsto no artigo 35 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación da resolución da concesión que supoña unha redución do importe concedido ou alteración das accións que se integran na actividade, que serán autorizadas cando teña como causa circunstancias imprevistas e sexan necesarias para o bo fin da actividade, sempre que non se altere o obxecto ou finalidade da subvención e non se danen dereitos de terceiros. Esta solicitude de modificación deberá presentarse tan pronto se coñeza a alteración e, como máximo no prazo de dous meses dende a notificación da concesión da subvención e sempre con anterioridade á realización da actividade subvencionada. Para determinar a modificación da subvención teranse en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida no referente ao importe da subvención e orzamento subvencionado.
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, determinarase o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que en todo caso serán inferiores aos inicialmente establecidos.

15. MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNS DA ACTUACIÓN SUBVENCIONADA POR CIRCUNSTANCIAS SOBREVENIDAS DE FORZA MAIOR

No caso de que se adopten medidas administrativas xerais por razóns de interese público por mor da crise sanitaria actual, no marco do estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 ou circunstancias similares de forza maior que obriguen a modificar as datas de celebración da actividade, a entidade beneficiaria poderá realizalo sen necesidade de obter unha autorización expresa por parte da Deputación de Pontevedra, sempre que as datas resultantes se manteñan dentro do mesmo ano natural.

En ningún caso a dita modificación poderá dar lugar a un incremento na contía da subvención concedida.

16. PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da



convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Ademais, a Deputación de Pontevedra publicará a concesión das subvencións no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na súa páxina web e remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Así mesmo, os beneficiarios deberán realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido. A este respecto, as medidas de difusión consistirán, polo menos, na inclusión da imaxe institucional da Deputación de Pontevedra e de Turismo Rías Baixas, en carteis, placas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou calquera outro medio de proba que permita constatar a realidade da difusión.

17. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A subvención concedida pola Deputación de Pontevedra será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outras Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada. A tal efecto, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, o beneficiario deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra.

A subvención concedida é incompatible con outras axudas concedidas por outros Servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio. O beneficiario deberá comunicar que é beneficiario doutra subvención do organismo provincial, de se dar o caso.

18. SUBCONTRATACIÓN

Considérase que o beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Non se entenderá subcontratación a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer o beneficiario para a realización en por si da actividade subvencionada.

O beneficiario poderá subcontratar parcialmente a actividade subvencionada, sempre que a subcontratación non exceda do 50% da actividade subvencionada. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que aumenten o custe da actividade e non aporten valor engadido ao contido da mesma. Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, quen asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.

En ningún caso poderán concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas coas persoas ou entidades previstas no artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

19. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en particular, os beneficiarios terán que dar cumprimento ás seguintes:

- a) Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación.



- b) Levar a cabo as medidas de difusión nos termos establecidos na base 16ª da convocatoria, tanto na súa forma coma en prazo, e deberán ter a mesma relevancia que as medidas de difusión realizadas para outros entes cofinanciadores da finalidade subvencionada. Esta obriga poderá acreditarse mediante unha declaración responsable do beneficiario acompañada de fotografías, carteis ou calquera outro medio de proba que permita constatar a realidade da difusión.
- c) As entidades beneficiarias deben pagar os seus acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as persoas ou entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, debendo realizar o pagamento no prazo máximo dun mes desde que se produza este cobro.
- d) As entidades beneficiarias deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, etc.) e só excepcionalmente poderán utilizar o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que dito gasto se considere “non subvencionable”, de acordo co previsto no artigo 38.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, sempre que dito gasto supere o importe de 900,00 €.
- e) Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente anterioridade, poida modificarse tanto o contido e a contía da finalidade subvencionada coma a súa forma e prazos de execución e mais a xustificación dos correspondentes gastos.
- f) Comunicar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada, caso no que o importe da subvención deberá ser obxecto de modificación.
- g) Respetar as medidas de prevención específicas que diten as autoridades competentes como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19, especialmente no relativo á distancia de seguridade interpersoal, á obrigatoriedade de uso de máscaras e doutras medidas xerais de hixiene e prevención, así como ás limitacións de capacidade en establecementos, instalacións e locais. A estes efectos, a entidade beneficiaria da subvención deberá informar ás persoas participantes das medidas que se adopten para o cumprimento destas obrigas, mediante a utilización de carteis anunciadores, sinalización ou calquera outro que facilite o coñecemento das medidas adoptadas.
- h) Someterse ao control financeiro da subvención concedida, nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO nº 249 do 30 de decembro de 2016.



20. XUSTIFICACIÓN

Unha vez finalizada a actividade obxecto da subvención e na data límite do 31 de marzo de 2023 a persoa beneficiaria deberá presentar na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) a través do modelo “Instancia xenérica” a seguinte documentación:

1) Xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención:

- Memoria explicativa e detallada da realización da finalidade, con expresa mención dos resultados obtidos, data de realización, número de participantes, indicación de se se cumpriron os obxectivos propostos e comprensiva, no seu caso, do programa, cartel anunciador, fotografías e demais documentación gráfica elaborada en/ou para o desenvolvemento do proxecto ou actividade subvencionada.
- Acreditación do cumprimento de dar difusión ao financiamento obtido (inclusión da imaxe institucional da Deputación de Pontevedra e de Turismo Rías Baixas en carteis, placas, materias impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, etc.). Se figuran logotipos doutras entidades no material gráfico utilizado, deberá aclarar a razón da súa inclusión.

2) Xustificación dos gastos:

- Conta xustificativa dos gastos (segundo o modelo dispoñible na sede electrónica), na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (identificando: provedor, NIF, número de factura, concepto, concepto equivalente no orzamento presentado coa solicitude e importe). Nesta conta xustificativa constará unha declaración responsable de que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada e de que o resto de xustificantes da conta se encontran no domicilio da persoa beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame
- Xustificación con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos polo importe da subvención concedida; indicando para cada factura ou documento análogo: o número de unidades, o prezo unitario destas e o custo total de cada unidade.

3) Xustificación dos ingresos:

- Conta xustificativa de ingresos (segundo modelo dispoñible na sede electrónica) na que se determinará o financiamento obtido para a finalidade subvencionada (indicando entidades, organismos, particulares, etc.) e do financiamento propio, así como declaración responsable de que os ingresos ou recursos alleos obtidos non superan o custo ou gastos da finalidade subvencionada.

O incumprimento das obrigacións de xustificación levará consigo a perda da subvención e no caso de pago anticipado iniciárase o procedemento de reintegro.

21. PAGAMENTO

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do coste final da actividade subvencionada.



Para o abonamento da subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100% do orzamento subvencionado, abonarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100%, abonarase a parte proporcional da subvención.

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo beneficiario.

A variación ou incumprimento de condicións ou circunstancias avaliábelas na concesión suporá o axuste á baixa da subvención concedida, salvo nos supostos de variación substancial ou incumprimento da finalidade.

22. INCUMPRIMENTOS, REINTEGROS E RÉXIME SANCIONADOR

Vencido o prazo de xustificación sen que o beneficiario da subvención presentara a documentación xustificativa, o Servizo de Turismo requiriralle ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días a presente.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

O incumprimento por parte dos beneficiarios dos requisitos establecidos nas presentes bases e demais normas aplicables, así como as condicións que, no seu caso se establezan na correspondente resolución de concesión dará lugar, total ou parcialmente, previo o oportuno expediente de incumprimento, á cancelación da mesma, e á obriga de reintegrar a achega económica, segundo o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra. O reintegro levará engadida a esixencia de xuros de demora correspondentes dende o momento do aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro. De acordo co artigo 34 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o xuro de demora aplicable será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25%, salvo que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado estableza outro diferente.

No referente ás infraccións e sancións administrativas, será de aplicación o previsto no artigo 52 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como no artigo 32 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

23. RÉXIME XURÍDICO

As subvencións rexeranse polas presentes bases reguladoras. Supletoriamente, aplicarase o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO nº 249 do 30 de decembro de 2016, nas bases de execución do orzamento vixente da Deputación de Pontevedra e demais normativa de pertinente aplicación.

Así mesmo, rexeranse pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

24. RECURSOS

Contra o acordo de aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun



mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común), ou ben, directamente recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime convinte.

25. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable” dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súa propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>

